

ARTE DA 2ª METADE DO XX

- Arte de despois da II Guerra Mundial.
- A capital da arte trasládase a EEUU.
- O concepto de “artista” consolídase, obtendo un forte prestixio. Auxe dos museos de arte contemporáneo e as galerías.
- Moita diversidade artística.

EXPRESIONISMO ABSTRACTO:

- Tivo lugar en Nova York nas décadas de 1940 e 1950.
- O artista expresa os seus sentimentos de xeito subxectivo.
- Destacan dous artistas:
 - JACKSON POLLOCK:
 - Emprego da “Action painting” (pintura de acción): exaltación dos impulsos inconscientes e da espontaneidade á hora de pintar.
 - Técnica do “dripping”(goteo): deixando gotear a pintura no lenzo, tirando cores sobre a tea estendida no chan, cubríndoa na súa totalidade.
 - MARK ROTHKO:
 - Técnica do “Color-field painting” (pintura de campos de cor): consiste en aplicar sobre o lenzo grandes extensións de cor.

POP ART:

- Xorde nos anos 60.
- Arte que emprega os elementos da sociedade de consumo como obxecto artístico: os anuncios, películas, cómics, e obxectos cotiás da cultura de masas.
- Emprego da produción en serie de xeito mecánico.
- Destacan:
 - ANDY WARHOL:
 - Obras que teñen como principal rasgo común a repetición seriada.
 - Emprego de iconos publicitarios, obxectos, personaxes famosos...
 - ROY LICHTENSTEIN:
 - Emprego da linguaxe e das técnicas do cómic.

NOVA FIGURACIÓN:

- Nace na 2ª metade do XX.
- Volta á pintura figurativa, pero non rexeita a abstracción.
- Destacan:
 - FRANCIS BACON:
 - Os protagonistas das súas obras é o ser humano que sofre, en soidade, con violencia.
 - PAULA REGO:
 - Protagonista: o ser humano, sobre todo as mulleres.
 - Pintura dos seus recordos, experiencias persoais, crítica social...

OBRAS RELEVANTES:


A) “As criadas”




B) “Sopa Campbell”




C) “Centro branco”



D) “Bico V”



E) “Número 31”



F) “Retrato de George Dyer”

